



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 20/12/2013

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
Dª María del Carmen Muiño Filgueira.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
Dª María Amparo Calvo González.
Dª Ana Belén Breijo Gundín.
Dª María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleira ausente:

Dª Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos do día vinte de decembro de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presencia do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. CORRECCIÓN DE ERRO DE ORDENANZA SOBRE SACA DE MADEIRA.

Dase conta polo Sr. Soto dun erro existente na Ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño, aprobada provisionalmente polo Pleno na sesión de data do 07/09/2013 e definitivamente na de data do 09/11/13. O seu texto completo foi publicado no BOP nº 221, do 20/11/13. O erro consiste na omisión no seu artigo 5-2 do



seguiente parágrafo final: "No suposto de que a empresa madeireira non sexa posuidora de ningún seguro destas características, deberá facelo constar expresamente no escrito de comunicación que presente, e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecidas no artigo 8 desta ordenanza".

O asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos dez concelleiros presentes, acorda aprobar a corrección do referido erro na Ordenanza de que se trata e ordear a publicación coa brevidade posible do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO PARA 2014.

Dase conta polo Sr. Soto do contido do proxecto de presupuesto que se presenta polo grupo de goberno, que recolle unha reducción importante do importe total, resumindo as liñas xerais da proposta, nunha liña continuista no gasto corrente e cunha minoración apreciable na consignación para investimentos do capítulo 6 de gastos, pola baixada dos compromisos de financiación doutras administracións.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Destaca o Sr. Soto a prudencia na previsión de ingresos, ainda que as previsions iniciais son suficientes, debido ó cumprimento da normativa estatal sobre estabilidade presupostaria e regra de gasto, ainda que non se recollen as ambicións do grupo de goberno para o 2014, no que se espera que o presupuesto medre con aportacións que se incorporarán mediante as oportunas modificacións orzamentarias para seguir acadando os obxectivos de cohesión social e progreso sustentable, ademáis do atractivo para os visitantes. Apílanse como en exercicios anteriores os principios de racionalidade e eficacia, ademáis de adicar unha elevada cantidade a investimentos. Detalla seguidamente algunas cuestións relativas a cada capítulo do proxecto, tanto en ingresos como en gastos, destacando entre outras cousas a partida nova adicada ós gastos en medicamentos dos enfermos crónicos, e insiste en que todo esto se fai sen subir o importe de ningún tributo, agás o IBI por imperativo da normativa estatal, e a pesar dos incrementos que se preven nalgúns custos, como o da taxa por tratamento do lixo que vai impoñer Sogama.

O Sr. López Loureiro di que o gasto en persoal parécelle excesivamente elevado, e que o seu grupo absterase na votación.

O Sr. Márquez di que o apartado que máis baixa é o de investimentos, coas negativas consecuencias que terá na evolución do emprego dos veciños do Concello. Coincide tamén en que a partida de persoal ten unha dotación demasiado alta, e critica a suba de partidas puntuais, como a dedicada a publicidade, que sube un 34% ou a baixa doutras como a prevista para mantemento de infraestructuras, que baixa de 45.000 a 20.000 euros, cando o mantemento da rede viaria local en condicións aceptables de uso debería ser unha prioridade.



O Sr. Soto resposto que a suba da partida de publicidade é únicamente de 2.000 a 3.000 euros, e que se compensa coas baixas do utras partidas adicadas a similares fines, co que a cantidade global baixa. Respecto ós investimentos, di que o presuposto do ano anterior foi optimista e non cumplía co legalmente establecido en relación coa regra de gasto, que si se respecta no proxecto para 2014, e que o presuposto ríxese polo principio de caixa única, polo que unha proposta de aumentar o previsto para investimentos no capítulo 6 de gastos debería ir acompañada doutra de reducción noutras partidas para compensar o importe total. Por outra banda, preténdese superar ampliamente a cifra inicial coas modificacións que se poidan realizar no exercicio, seguramente superando os tres millóns de euros a final do 2014. Di que a partida para reparación de pistas foi reducida á vista dos seus resultados de execución nos presupostos anteriores e que ademais é unha partida vinculada con outras do capítulo 2, polo que a cantidade finalmente aplicada á referida finalidade pode ser superior. Polo referido ás retribucións, di que as do persoal seguen conxeladas e as do grupo de goberno supoñen soamente un 3,5% do importe total, moita menos cantidade total que nos últimos presupostos do PP, nos que acadaba os 70.000 euros.

O Sr. Márquez resposto que non pode ser que sobren cartos na partida de reparación e matemento de infraestructuras coa falla que fan moitas reparacións en pistas e a demanda dos veciños nese sentido, e que tamén aplicouse ó presuposto de 2013 unha importante cantidade procedente do remanente de tesoureira.

O Sr. Soto repite que algunas cantidades incluidas en partidas vinculadas son intercambiables, e son utilizadas nas finalidades que resultan más necesarias en cada momento da execución do presupuesto, e di que tamén foron sufragadas actuacións de mantemento de infraestructuras con cantidades do capítulo 6, de investimentos, ademais de financiar con fondos propios un plan de emprego para mantemento e melloras, o que non fixo ningún outro concello. En canto ó remanente, di que hai más agora que cando empezaron a gobernar, e iso a pesar de que foi liquidado o crédito que eles atoparon pendente. No relativo ó mantemento da rede viaria, di que se farán os esforzos necesarios para adicar a esa finalidade tódolos recursos necesarios.

O Sr. Márquez lembra que xa en varios plenos fixo referencia á innecesariade de gastos en asesores ou á discutible rendibilidade das viaxes ó estranxeiro que se fan.

O Sr. Soto di que iso é unha simpleza, e que as viaxes derivan da participación en programas europeos e fináncianse íntegramente pola Unión Europea.

Interven de seguido o Sr. Alcalde, para dicir que hai que facer o presupuesto cos recursos disponibles, loitando contra o intervencionismo estatal contrario á autonomía municipal, que obriga a respectar límites de gasto. Di que o gasto do Concello agrúpase en grandes apartados: o de persoal, no que soamente se podería reducir despedindo xente, o que non farán porque son de esquerdas e os gastos correntes, tamén difíciles de reducir, xa que a maior parte, o gasto en enerxía, aumenta cada ano como consecuencia da aplicación de políticas neoliberales, como a manifestada coa suba do canon de tratamento de Sogama, rexitado polo seu grupo. Remata decindo que o presupuesto podería presentarse cun menor nivel de detalle, como facía o PP, e que coas

modificacións que se espera incorporar durante o exercicio, como por exemplo o novo Plan DTC xa anunicado pola Deputación, ou o producto da venda ou aluguer das dúas vivendas que se están a rematar, acadarase un importante incremento dos ingresos previstos, co que tamén baixará a percentaxe final adicado a gastos de persoal.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2013, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS MIL CATROCENTOS EUROS (2.500.400), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

INGRESOS	
OPERACIÓN CORRENTES	
Cap. 1- Impostos directos	658.500,00 €
Cap. 2- Impostos indirectos	50.000,00 €
Cap. 3- Taxas e outros ingresos	289.600,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	1.104.000,00 €
Cap 5- Ingresos patrimoniais	25.000,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Cap. 6- Alleamento de investimentos reais	100,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	373.200,00 €
Cap. 9- Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	2.500.400,00 €
GASTOS	
OPERACIÓN CORRENTES	
Cap. 1- Gastos de persoal	1.005.300,00 €
Cap 2- Gastos en bens correntes e de servicios	774.300,00 €
Cap. 3- Gastos financeiros	0,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	90.000,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Cap. 6- Investimentos reais	625.800,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	5.000,00 €
Cap. 9- Pasivos financieros	0,00 €
TOTAL	2.500.400,00 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Régime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente

aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.


6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, e da información e documentación relativa ó mesmo comprendida na normativa aplicable, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifíco.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,



—